

PRE-BRIEFING ORIENTARAIID II Raid de Melide Campionato Galego 2026

A zona de Saída/T1/T2/Meta está situada no [Parque Rosalía de Castro](#) onde tedes varios bares e unha fonte de auga no propio parque. Na contorna non teredes problema de aparcamento, na estrada que une o Parque Rosalía, o [IES](#) e o [Pavillón \(duchas e lava-bicis\)](#) podedes aparcar a ambos lados. Pegado ao Parque tamén tedes [un aparcadoiro](#)
Elimínase o frontal e chaleco como material obrigatorio

Deixamos un mapa con totaldas ubicacións importantes:

<https://www.google.com/maps/d/u/3/edit?mid=1zraBFI7Xg22TndQR25-w5hTQyh3BrYg&usp=sharing>

Se queredes tomar un cafeciño quente ou colacao antes da saída da carreira, ou ben unha cerveciña ou refresco o rematar o raid, recomendamos a [Cafetería Solaina](#), colaborador do raid.

Será un raid con seccións lineais pero non obrigatorias, é decir, tedes que picar as balizas na orde establecido pero podedes saltarvos algunha se o considerades oportuno

S1 Trekking - Score-Lineal

Parte da sección discurre polo casco urbano, tede moito cuidado cos coches e viandantes
Trekking dividido en dúas partes, unha inicial SCORE onde escolledes a orde das balizas e unha segunda parte LINEAL, nesta parte as balizas están unidas no mapa para que seña fácil distinguilas e seguir a orde. Unha vez picada a última baliza score, non tedes que volver á Transición senón que xa ides directamente a picar a primeira baliza da parte lineal da sección
Ollo ás estradas e ás zonas prohibidas

S2 BTT - Lineal

Según saídes da transición, a 300 metros, tedes un paso obrigatorio que cruza unha estrada con moito tráfico, hai paso de peóns pero **EXTREMADE** a precaución.

A primeira parte é moi rápida, nos leva á primeira baliza onde hai unha baixada pronunciada polo medio de un pinar, cuidado coas polas do chan.

Pechade as vallas que vos atopedes xa que serven para gardar o gando.

A maioría desta sección circula por pistas con bo firme, aínda que debido as choivas deste inverno atoparedes tramos moi mollados. Atravesaredes as partes altas do Bocelo, o vento soe soplar forte, tedeo en conta para a roupa.

Ollo ás estradas e ás zonas prohibidas

S3 Trekking - Lineal

Recoméndase levar as pernas tapadas.

Ao sair da transición tedes un **PASO OBRIGATORIO** para cruzar a nacional por un paso de peóns, haberá persoal da organización controlando este punto. Tede moito coidado xa que

esta estrada ten moitísimo tránsito. Olo as estradas prohibidas. Tedes dúas fontes no primeiro km.

Unha vez chegado á ponte mono, o cal non facedes, saídes á estrada e dende ela entrades a picar a baliza.

Olo ás estradas e ás zonas prohibidas